



Copia

## PREGUNTA ORAL EN RELACIÓN COA EDICIÓN DUN DÍPTICO SOBRE O “SAMAÍN EN COMPOSTELA”

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**


### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, o Concello de Santiago nunha acción conxunta das concellerías de Igualdade, Desenvolvemento Económico e Turismo e de Educación e Cidadanía deu a luz un díptico titulado “Samaín en Compostela”. Baixo o aspecto dun programa de man ao uso, a publicación sorprende pola ausencia total de mención a actividades ou accións promovidas polo Concello que puideran xustificar a súa edición e distribución entre a cidadanía.

A finalidade desta publicación é, se cabe, máis misteriosa que a tradición e os rituais de que se ocupa. A parte da divulgación do nacemento ou recuperación desta festa na vila de Cedeira non hai mención ningunha ao arraigo da súa celebración no noso Concello, nin a ningún acto concreto que o Concello promova en relación con el.

Con todo, a ausencia de mencións a actividades concretas non impide que se afirme no texto de forma rotunda que “estamos seguros de que a cidadanía compostelá vai acoller con agarimo un Samaín rexenerador e fornecido na capacidade creativa, no entusiasmo e na ‘ledicia compostelá’ que nos caracteriza aos santiagueses (sic)”. Para continuar expresando un desexo (mellor sería dicir un brindado ao sol): “Haberá que ser quen de poñer a andar un Samaín orixinal, fermosísimo e exemplar, onde a soa presenza de caveiras e pantasma escintilando e lucindo na noitiña, será abonda para conformar un tempo en un espazo lúdico en que tranquilamente se poderá asentar, ollando ao futuro, a nosa propia memoria etnográfica”.

A perplexidade aínda se ve aumentada, se cabe, cando, a este inconcreción de contido se lle suma un parágrafo final no que se advirte que “cos criterios anteriores traballaremos en sucesivas convocatorias”. Ningunha mención a actividades tanxibles no ano actual nin a ningunha realidade que poida entenderse como un motivo para unha publicación deste tipo.



Á vista desta singular publicación, formulamos a seguinte pregunta:

***Cal e o motivo real, custo, autoría intelectual, tirada e distribución do díptico titulado “Samaín en Compostela” promovido polo Concello para, segundo se declara, “poñer a andar un Samaín orixinal, fermosísimo e exemplar”?***

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2016

María Ángeles Antón Vilasánchez  
Concelleira do Grupo Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela